

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO CELEBRADA O DÍA 4 DE XULLO DO 2011

No salón de Plenos do Concello de Fene sendo as doce horas do día catro de xullo de dous mil once, previa convocatoria, de conformidade co 38 do R.D. 2568/1986 do 28 de novembro, reuniuse, en primeira convocatoria, o Pleno do Concello de Fene ós efectos de realizar a sesión extraordinaria convocada para o día da data.

Concelleiros asistentes:

Polo Grupo Político do Partido Popular no Concello de Fene: Don Gumersindo Pedro Galego Feal, Dona Rocío Aurora Bértoa Puente, Don Alejandro Dopico Rodríguez, Don Juan José Franco Casal, Dona Juana Barro Couto e Don José Andrés Serantes Paineiras.

Polo Grupo Municipal Socialista do Concello de Fene: Don Iván Puentes Rivera, Don Antonio Luis Noceda Carballo, Dona Amalia García Balado, Don José Antonio López Rodríguez e Dona María Carmen Silvar Canosa.

Polo Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego: Don Juventino José Trigo Rey, Dona Rita María Couto Seijido, Don Manuel Polo Gundín, Dona Inés Roca Requeijo e Don Justo Martínez Ardá.

Polo Grupo Mixto: Dona María del Carmen Martínez Rodríguez

Interviu como secretario:

Don Jesús Tallón García

Asiste a interventora:

Dona Marta Roca Naveira

Comprobado que se dá o quórum legalmente esixido declárase aberta a sesión polo Sr. alcalde, e procédese ó tratamento dos asuntos seguindo a orde do día:

1º Aprobación, se procede, das actas da sesión constitutiva de data 11 de xuño do 2011 e da sesión extraordinaria de data 17 de xuño de 2011.

Todos os membros da Xunta de Goberno Local recibiron copia das actas sometidas a aprobación, que dán por lidas. Pregúntase pola Presidencia se existe alguna obxección ou observación nas actas sometidas a votación. Polo Concelleiro Don Manuel Polo Gundín sinálase que na acta da sesión constitutiva celebrada o 11 de xuño do 2011 onde di: "(...) De seguido a Mesa de Idade pregunta aos tres Concelleiros que encabezan as listas das catro candidaturas que obtiveron representación (Don Gumersindo Pedro Galego Feal, Don Iván Puentes Rivara, Don Juventino José Trigo Rey, e Dona María del Carmen Martínez Rodríguez) si presentan a súa candidatura para a elección de alcalde do Concello de Fene, contestando afirmativamente os catro edís (...)" debe dicir "(...) De seguido a Mesa de Idade pregunta aos catro concelleiros que encabezan as listas das catro candidaturas que obtiveron representación (Don Gumersindo Pedro Galego Feal, Don Iván Puentes Rivara, Don Juventino José Trigo Rey e Dona María del Carmen Martínez Rodríguez) si presentan a súa candidatura para a elección de alcalde do Concello de Fene, contestando afirmativamente os catro edís. (...)"

Pola concelleira Rocío Aurora Bértoa Puente faise uso da palabra para dicir que existe un erro material na acta do 11 de xuño do 2011, onde di: "(...) No salón de Plenos do Concello de Fene sendo as doce horas do día dezaseis de xuño de dous mil once, reúnen-se, previa convocatoria, a totalidade dos concelleiros electos (17), proclamados pola Xunta Electoral de Zona, asistidos polo secretario xeral do Pleno, Don Jesús Tallón García, que dá fe do acto, coa finalidade de proceder á constitución da nova Corporación e á elección do alcalde do Concello de Fene estando presente a interventora Dona Marta Roca Naveira.(...)" debe dicir "(...) No salón de Plenos do Concello de Fene sendo as doce horas do día once de xuño de dous mil once, reúnen-se, previa convocatoria, a totalidade dos concelleiros electos (17), proclamados pola Xunta Electoral de Zona, asistidos polo secretario xeral do Pleno, Don Jesús Tallón García, que dá fe do acto, coa finalidade de proceder á constitución da nova Corporación e á elección do alcalde do Concello de Fene estando presente a interventora Dona Marta Roca Naveira.(...)." "

Procédese a votación da aprobación das actas da sesión constitutiva de data 11 de xuño do 2011 e da sesión extraordinaria de data 17 de xuño de 2011, coas correccións materiais sinaladas máis arriba co resultado de que, en votación ordinaria e por unanimidade dos concelleiros asistentes, o Pleno acorda a aprobación das actas da sesión constitutiva de data 11 de xuño do 2011, coas correccións dos erros materiais sinalados máis arriba, e da sesión extraordinaria de data 17 de xuño de 2011.

2º Dación de conta da constitución dos grupos políticos municipais e nomeamento de voceiros/voceiras

Dáse conta pola Alcaldía dos escritos asinados polos concelleiros polos que quedan constituídos os grupos políticos municipais da Corporación municipal 2011-2015 do Concello de Fene e se designan os seus voceiros tal e como segue:

1º Escrito do 14 de xuño do 2011, asinado por Don Gumersindo Pedro Galego Feal, Dona Rocío Aurora Bértoa Puente, Don Alejandro Dopico Rodríguez, Don Juan José Franco Casal, Dona Juana Barro Couto e Don José Andrés Serantes Painceiras polo que se crea o Grupo Político do Partido Popular no Concello de Fene, integrado polos concelleiros asinantes e se designa como voceira a Dona Rocío Aurora Bértoa Puente e voceiros suplentes a Don Alejandro Dopico Rodríguez, Don Juan José Franco Casal, Dona Juana Barro Couto e Don José Andrés Serantes Painceiras.

2º Escrito do 17 de xuño do 2011, asinado por Don Iván Puentes Rivera, Don Antonio Luis Noceda Carballo, Dona Amalia García Balado, Don José Antonio López Rodríguez e Dona María Carmen Silvar Canosa polo que se crea o Grupo Municipal Socialista do Concello de Fene, integrado polos concelleiros asinantes e se designa voceiro a Don Iván Puentes Rivera e voceiro suplente a Don Antonio Luis Noceda Carballo.

3º Escrito do 17 de xuño do 2011, asinado por Don Juventino José Trigo Rey, Dona Rita María Couto Seijido, Don Manuel Polo Gundín, Dona Inés Roca Requeijo e Don Justo Martínez Ardá polo que se crea o Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego, integrado polos concelleiros asinantes e se designa voceiro a Don Manuel Polo Gundín e voceiros suplentes a Don Juventino José Trigo Rey, Dona Rita María Couto Seijido, Dona Inés Roca Requeijo e Don Justo Martínez Ardá.

4º Escrito do 15 de xuño do 2011, asinado pola concelleira Dona María del Carmen Martínez Rodríguez. De conformidade co artigo 74 da lei 5/1997 de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia e co artigo 10 do Regulamento orgánico municipal, constitúese o Grupo Mixto

integrándose nel a concelleira Dona María del Carmen Martínez Rodríguez quen asume a vocería do Grupo.

3º Dación de conta das resolucións da Alcaldía números 494/2011, de nomeamento de membros a Xunta de Goberno Local, 498/2011, de nomeamento de tenentes de alcalde, 499/2011 de delegación de competencias na Xunta de Goberno Local, 528/2011 de creación de áreas do goberno, 529/2011 de delegación de competencias aos membros da Xunta de Goberno Local.

Dende a Alcaldía dáse conta das seguintes resolucións copiadas literalmente:

“RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA NÚM. 494/2011, DE NOMEAMENTO DE MEMBROS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE FENE

FEITOS

1 O día 11 de xuño do 2011 constituíuse a Corporación municipal do Concello de Fene xurdida das eleccións municipais celebradas o 22 de maio do 2011.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

1 Os artigos 20.1 b) e 23 da Lei 7/1985, de 2 de abril e reguladora das bases do réxime local (BOE núm. 80, do 03-04-1985) establecen que a Xunta de Goberno Local é un órgano necesario nos Concellos de máis de 5.000 habitantes e que se integrará polo alcalde e un número de concelleiros non superior ó tercio do número legal dos mesmos, nomeados e separados libremente polo alcalde, dando conta ó Pleno. No mesmo sentido os artigos 59.2 e 65 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia (DOG núm. 149, de 5 de agosto) e o artigo 35.2 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, que aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (BOE número 305 do 22 de decembro do 1986) e 13 do Regulamento orgánico do Concello de Fene (B.O.P. da Coruña núm. 156 do 8 de xullo do 2008)

2 Logo de ver o artigo 17 do Regulamento orgánico do Concello de Fene e os artigos 46, 52 e 53 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, que establecen, entre outras consideracións que os nomeamentos e os ceses como levaranse a cabo mediante resolución do alcalde da que se dará conta ó Pleno na primeira sesión que celebre, notificándose, ademais, persoalmente ós designados, e se publicarán no Boletín Oficial da Provincia, sen prexuízo da súa efectividade dende o día seguinte da sinatura da resolución polo alcalde, se nela non se dispuxera outra cousa e que o número de concelleiros ós que o alcalde pode nomear membros da Xunta de Goberno Local, non poderá ser superior ó tercio do número legal de membros da Corporación e que ós efectos do cómputo non se terán en conta os decimais que resulten de dividir por tres o número total de concelleiros.

Logo de ver canto antecede e considerando a competencia atribuída a esta Alcaldía polos artigos referidos, resolvo:

1º Nomear membros da Xunta de Goberno Local do Concello de Fene ós seguintes concelleiros e concelleiras:

- Dona Rocío Aurora Bértoa Puente
- Don Alejandro Dopico Rodríguez

- Don Juan José Franco Casal
- Dona Juana Barro Couto
- Don José Andrés Serantes Paineiras

2º Notificar persoalmente ós nomeados a presente resolución, ordear a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e dar conta desta resolución ó pleno da Corporación na primeira sesión que se celebre.

Fene 16 de xuño do 2011

O alcalde-presidente

D.M.

Gumersindo Pedro Galego Feal

O secretario
Jesús Tallón García”

“RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA NÚM. 498/2011, DE NOMEAMENTO DE TENENTES DE ALCALDE DO CONCELLO DE FENE

FEITOS

1 O día 11 de xuño do 2011 constituíuse a Corporación municipal do Concello de Fene xurdida das eleccións municipais celebradas o 22 de maio do 2011.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

1 Os artigos 20.1 a) e 23 da Lei 7/1985, de 2 de abril e reguladora das bases do réxime local (BOE núm. 80, do 03-04-1985) establecen que a Xunta de Goberno Local é un órgano necesario nos Concellos de máis de 5.000 habitantes e que se integrará polo alcalde e un número de concelleiros non superior ó tercio do número legal dos mesmos, nomeados e separados libremente polo alcalde, dando conta ó Pleno. No mesmo sentido os artigos 59.2 e 65 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia (DOG núm. 149, de 5 de agosto) e o artigo 35.2 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro (BOE número 305 do 22 de decembro do 1986), que aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais e 13 do Regulamento orgánico do Concello de Fene (B.O.P. da Coruña núm. 156 do 8 de xullo do 2008).

2 Logo de ver o artigo 16 do Regulamento orgánico do Concello de Fene e os artigos 35.2, 46, 47 e 48 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, que establecen, entre outras consideracións que os nomeamentos e os ceses como levaranse a cabo mediante resolución do alcalde da que se dará conta ó Pleno na primeira sesión que celebre, notificándose, ademáis, persoalmente ós designados, e se publicarán no Boletín Oficial da Provincia, sen prexuízo da súa efectividade dende o día seguinte da sinatura da resolución polo alcalde, se nela non se dispuxera outra cousa e que o seu número non poderá exercer do número de membros da Xunta de Goberno Local e que ós efectos do cómputo non se terán en conta os decimais que resulten de dividir por tres o número total de concelleiros.

3 Mediante Resolución da Alcaldía núm. 494/2011 do 16 de xuño do 2011 acordouse nomear membros da Xunta de Goberno Local do Concello de Fene ós seguintes concelleiros e concelleiras:

- Dona Rocío Aurora Bértoa Puente

- Don Alejandro Dopico Rodríguez
- Don Juan José Franco Casal
- Dona Juana Barro Couto
- Don José Andrés Serantes Panceiras

Logo de ver canto antecede e considerando a competencia atribuída á Alcaldía polo artigo 21.2 da Ley 7/1985 de 2 de abril, resolvo:

1º Nomear Tenentes de alcalde, pola orde que de seguido se indica, ós/ás seguintes señores/as concelleiros/as membros da Xunta de Goberno Local:

- 1ª Tenente de alcalde: Dona Rocío Aurora Bértoa Puente
- 2º Tenente de alcalde: Don Alejandro Dopico Rodríguez
- 3º Tenente de alcalde: Don Juan José Franco Casal
- 4º Tenente de alcalde: Dona Juana Barro Couto
- 5ª Tenente de alcalde: Don Andrés Serantes Panceiras

2º Corresponde ós nomeados substituírme na Alcaldía, pola orde sinala, nos casos legalmente establecidos.

3º Notificar persoalmente ós nomeados a presente resolución, ordear a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e dar conta desta resolución ó Pleno da Corporación na primeira sesión que se celebre.

Fene 17 de xuño do 2011

O alcalde-presidente

D.M.

Gumersindo Pedro Galego Feal

O secretario
Jesús Tallón García”

“RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA NÚM. 499/2011, DE DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS NA XUNTA DE GOBERNO LOCAL

FEITOS

1 O día 11 de xuño do 2011 constituíuse a Corporación municipal do Concello de Fene xurdida das eleccións municipais celebradas o 22 de maio do 2011.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

1 Por resolución da Alcaldía 494/1011, nomeáronse como membros da Xunta de Goberno Local do Concello de Fene ós seguintes concelleiros e concelleiras:

- Dona Rocío Aurora Bértoa Puente
- Don Alejandro Dopico Rodríguez

- Don Juan José Franco Casal
- Don Juana Barro Couto
- Dona José Andrés Serantes Panceiras

2 O artigo 21.3 da Lei 7/1985, de 2 de abril e reguladora das bases do réxime local (BOE núm. 80, do 03-04-1985) establece que o alcalde pode delegar o exercicio das súas atribucións, salvo as de convocar e presidir as sesións do Pleno e da Xunta de Goberno Local, decidir os empates co voto de calidade, a concertación de operacións de crédito, a xefatura superior de todo o persoal, a separación do servizo dos funcionarios e o despido do persoal laboral, e as enunciadas nos parágrafos a, e, j, k, l y m do apartado 1 deste artigo. O artigo 23 da Lei 7/1985 de 2 de abril establece que á Xunta de Goberno Local lle corresponde a asistencia ó alcalde no exercicio das súas atribucións e aquelas atribucións que o alcalde ou outro órgano municipal lle delegue ou lle atribúan as leis, aínda que a competencia do parágrafo j pode ser delegada na Xunta de Goberno Local. Similar redacción atópase nos artigos 61 e 65 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia (DOG núm. 149, de 5 de agosto).

3 Logo de ver o artigo 17 do Regulamento orgánico do Concello de Fene (B.O.P. da Coruña núm. 156 do 8 de xullo do 2008) e os artigos 43 e seguintes do do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, que aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (BOE número 305 do 22 de decembro do 1986).

Logo de ver canto antecede e considerando a competencia atribuída a esta Alcaldía polos artigos referidos, resolvo:

1º Delegar na Xunta de Goberno Local as seguintes atribucións concretas que me atribúe a lexislación vixente:

- a) Concesión de toda clase de licencias de obra e instalación, as licencias de primeira ocupación e as licencias de apertura de establecementos e actividades.
- b) A concesión de autorizacións para a utilización privativa especial de bens de dominio público.
- c) A aprobación dos expedientes e adxudicación das contratacións e concesións de toda clase, incluída a adquisición de bens e dereitos cuxa competencia lle atribúe á Alcaldía a normativa vixente cando o valor estimado do contrato supere os 18.000 euros así como a modificación, resolución e imposición de penalidades por incumprimentos contractuais nos referidos expedientes de contratación e adquisición.
- d) O alleamento de bens e dereitos do patrimonio municipal cuxa competencia lle atribúe á Alcaldía a normativa vixente e o seu valor, excluído o I.V.E., supere os 18.000 euros.
- e) A aprobación da oferta de emprego público dacordo có presuposto e a plantilla aprobados polo Pleno, aproba-las bases das probas para a selección do persoal funcionario de carreira e laboral fixo e para os concursos de provisión de postos de traballo.
- f) A declaración de situacións administrativas do persoal ó servizo da Corporación.
- g) A análise, estudo e posterior acordo ou informe, segundo proceda, dos escritos e comunicacións de outras entidades ou organismos que requiran un acto administrativo resolutorio, de coñecemento ou de informe polo Concello, sen prexuízo de que, por razóns de

urxencia, a Alcaldía poida realizar estas actuacións dando conta á Xunta de Goberno Local para o seu coñecemento.

h) Concesión, transmisión ou modificación de licencias de auto-turismo.

i) A concesión de subvencións cando estean sometidas a procedemento de concorrencia competitiva.

j) Recoñecer todas as obrigas e a aprobación de todas as facturas dentro dos límites que competan ó alcalde, agás as relativas a anuncios en prensa, anuncios en boletíns e diarios oficiais, nóminas de persoal, seguros sociais, interese, amortizacións, comisións e outros gastos financeiros derivados da débeda municipal e as relativas a gasto corrente e pago periódico dos conceptos presupostarios 200, 202, 206, 213, 222, 225 e dos subconceptos 22100 e 22102.

k) A aprobación inicial dos instrumentos de planeamento de desenvolvemento urbanístico e a aprobación dos instrumentos de xestión urbanística e dos proxectos de urbanización.

2º Ordear a súa publicación desta resolución no Boletín Oficial da Provincia e dar conta da mesma ó Pleno da Corporación e á Xunta de Goberno Local na primeira sesión que se celebre.

Fene 17 de xuño do 2011

O alcalde-presidente

D.M.

Gumersindo Pedro Galego Feal

O secretario
Jesús Tallón García”

“RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA NÚM. 528/2011, DE CREACIÓN DE ÁREAS

FEITOS

1 O día 11 de xuño do 2011 constituíuse a Corporación municipal do Concello de Fene xurdida das eleccións municipais celebradas o 22 de maio do 2011. Para un mellor funcionamento da administración municipal cómpre que se proceda establecer as áreas ou sectores de actividade municipal nas que se estruturará o goberno local.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

1 O artigo 43.3 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, que aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (BOE número 305 do 22 de decembro do 1986) no parágrafo segundo dispón que as delegacións xenéricas se referirán a unha ou varias áreas ou materias determinadas, e poderán abarcar tanto a facultade de dirixir os servicios correspondentes como a de xestionalos en xeral, incluída a facultade de resolver mediante actos administrativos que afecten a terceiros.

2 O artigo 25 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, establece que as delegacións que pode otorgar o Alcalde segundo o disposto na consideración anterior, deberán adaptarse ás grandes áreas nas que o Reglamente orgánico distribúa os servicios administrativos do Concello.

3 O Regulamento orgánico do Concello de Fene (B.O.P. da Coruña núm. 156 do 8 de xullo do 2008) non determina as áreas nas que se distribúen os servicios administrativos do Concello, aínda que, entre outras consideracións, establece no artigo 15 que as delegacións xenéricas referiranse a a unha ou varias áreas ou materias determinadas e poderán abranguer tanto a facultade de dirixir os servicios correspondentes, como a de xestionalos en xeral, incluída a facultade de resolver mediante actos administrativos que afecten a terceiros.

Logo de ver canto antecede e considerando a competencia atribuída a esta Alcaldía polo artigo 21.1 a da Lei 7/1985, de 2 de abril e reguladora das bases do réxime local (BOE núm. 80, do 03-04-1985) para a dirección do goberno e administración local, resolvo:

1º Crear as seguintes áreas de goberno local, que poderán ser obxecto dunha delegación xenérica nos termos do artigo 43.3 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro e do Regulamento orgánico municipal, que se corresponden cos seguintes sectores de actividade e goberno municipal:

I Área de urbanismo e obras

Esta área comprende, no eido do urbanismo a xestión das competencias municipais sobre ordenación do territorio e o urbanismo, cuestións relativas a plans e instrumentos de ordenación urbanística, xestión urbanística, expropiacións por razóns urbanísticas, redacción de instrumentos de ordenación urbanística, políticas municipais de dotación de solo para vivendas sociais, promoción de vivendas sociais e licenzas para o exercizo de actividades.

No eido das obras inclúe a preparación e a xestión da planificación das obras municipais.

II Área de persoal, seguridade, servicios e medio ambiente

Esta área comprende, no ámbito do persoal, a xestión dos recursos humanos, os aspectos relativos á organización do Concello e os métodos de traballo, relacións cos representantes dos traballadores e arquivo municipal.

No eido da seguridade, inclúe a xestión da seguridade cidadá, control e ordenación do tráfico en vías urbanas, protección civil e policía local.

No eido dos servicios, correspóndelle a xestión dos servicios básicos municipais, ciclo da auga, recollida de residuos, limpeza de vías públicas e infraestruturas urbanas (mobiliario urbano, redes de servicios...), mantemento e conservación de parques, xardíns e zonas verdes, o mantemento de edificios e instalacións municipais e o control e seguimento das obras municipais. Inclúese neste eido a xestión patrimonial do Concello, inventario de bens, dereitos e obrigas, administración e defensa do patrimonio municipal, adquisición de bens por expropiación forzosa, agás nos casos das expropiacións por razóns urbanísticas. Tamén se inclúe aquí a política de información á cidadanía e participación cidadá, páxina web, radio municipal a adaptación administrativa e impulso do uso das novas tecnoloxías.

No eido do medio ambiente, correspóndelle as xestións de políticas municipais do medio ambiente, as praias e espazos públicos.

A esta área corresponderalle todas aquelas materias non expresamente atribuídas a outra área.

III Área de facenda, promoción económica, formación e emprego

Correspóndelle a esta área, en materia de facenda, a xestión económica do Concello, seguimento e control de investimentos, preparación dos orzamentos, xestión tributaria e de recadación, política fiscal, preparación de ordenanzas fiscais, estatística e patrimonio municipal.

Na materia de promoción económica, correspóndelle a xestión das políticas municipais de dinamización e potenciación da vida económica local, industria, turismo e promoción dos valores turísticos do Concello, as relacións cos axentes sociais na procura de políticas integrais de desenvolvemento e fomento de actividades económicas, promoción das novas tecnoloxías, promoción do comercio e xestión da mellora dos servizos municipais en favor da eficiencia enerxética e na utilización dos recursos públicos.

Na eido da formación e emprego, comprende as políticas municipais de promoción do emprego, inserción laboral, formación ocupacional e escolas obradoiros.

IV Área de cultura, educación, deportes e servizos sociais e igualdade

Esta área comprende, no eido da cultura, a xestión e programación das políticas municipais da cultura e das instalacións culturais municipais, a normalización lingüística, a educación viaria e programación do parque de seguridade viaria do Concello, a participación na programación da ensinanza pública incluíndo o mantemento dos centros de ensino públicos no Concello e programas de educación complementaria.

No ámbito da educación, comprende a xestión e programación das relacións cos centros e coa comunidade educativa, o mantemento das instalacións educativas que sexa competencia do Concello e demais competencias municipais no eido da educación.

No eido dos deportes, comprende a xestión e programación das políticas deportivas municipais.

No eido dos servizos sociais e igualdade, comprende as políticas municipais de prestación de servizos asistenciais aos cidadáns, atención ás situacións de marxinación e exclusión social, medidas de integración social, política de inmigración, muller e conciliación da vida laboral e familiar, atención á terceira idade, políticas de igualdade destinadas á xuventude e garderías infantís.

2º Correspóndelle á Alcaldía a coordinación do funcionamento das áreas municipais, así como a resolución das cuestións que xurdan en torno á adscrición a unha área determinada dunha concreta materia.

Fene 23 de xuño do 2011

O alcalde-presidente

Gumersindo Pedro Galego Feal

D.M.

O secretario
Jesús Tallón García”

“RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA NÚM. 529/2011, DE DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS ÓS MEMBROS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL

FEITOS

1 O día 11 de xuño do 2011 constituíuse a Corporación municipal do Concello de Fene xurdida das eleccións municipais celebradas o 22 de maio do 2011.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

1 Por resolución da Alcaldía 494/2011 do 16 de xuño, nomeáronse os membros da Xunta de Goberno Local do Concello de Fene e por resolución da Alcaldía 499/2011 do 17 de xuño nomeáronse os tenentes de alcalde.

2 Por resolución da Alcaldía 528/2011, do 21 de xuño, creáronse as áreas nas que se estrutura o goberno municipal.

3 O artigo 21 e 23 da Lei 7/1985, de 2 de abril e reguladora das bases do réxime local (BOE núm. 80, do 03-04-1985) establece que o alcalde pode delegar o exercicio de determinadas das súas atribucións nos membros da Xunta de Goberno Local sen prexuízo das delegacións especiais que, para cometidos específicos, poda realizar en favor de calquera concelleiro. Similar redacción atópase no artigo 62 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia (DOG núm. 149, de 5 de agosto).

4 Logo de ver os artigos 15 e seguintes do Regulamento orgánico do Concello de Fene (B.O.P. da Coruña núm. 156 do 8 de xullo do 2008) e os artigos 43 e seguintes do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, que aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (BOE número 305 do 22 de decembro do 1986).

Logo de ver canto antecede e considerando a competencia atribuída a esta Alcaldía polos artigos referidos, resolvo:

1º Efectuar a favor dos sres/as concelleiros/as membros da Xunta de Goberno Local as seguintes delegacións xenéricas correspondentes ás áreas que se relacionan:

I Delégaselle a Área de urbanismo e obras á concelleira Dona Rocío Aurora Bértoa Puente.

II Delégaselle a Área de persoal, seguridade, servicios e medio ambiente ó concelleiro Don Alejandro Dopico Rodríguez.

III Delégaselle a área de facenda promoción económica, formación e emprego ao concelleiro Juan José Franco Casal.

IV Delégaselle a Área de cultura, deportes e servicios sociais e iguadade á concelleira Dona Juana Barro Couto.

2º As delegacións xenéricas acordadas no apartado anterior suxeitaráanse ó seguinte réxime xurídico:

a) Abarcarán a facultade de dirixir os servizos correspondentes e xestionalos en xeral, pero sen incluír a facultade de resolver mediante actos administrativos que afecten a terceiros.

b) A Alcaldía poderá revocar en calquera momento as delegacións efectuadas seguindo as mesmas formalidades aplicadas para outorgalas.

c) A Alcaldía poderá avocar en calquera momento a competencia delegada de acordo co que dispón o artigo 14 da Lei 30/1992, de 26 de novembro.

d) Corresponderá á Alcaldía resolver-las posibles dúbidas que se formulen en relación coa aplicación desta resolución.

3º Conferir as seguintes delegacións especiais ós seguintes Concelleiros/as que a seguir se relacionan, para os servizos que igualmente se sinalan:

I Conferir a delegación dos servizos de urbanismo (integrado na Área de Urbanismo e obras) e os servizos de cultura e deportes (incluídos na Área de cultura, educación, deportes e servizos sociais e igualdade a Dona Rocío Aurora Bértoa Puente).

III Conferir a delegación dos servizos de persoal, seguridade cidadá, control e ordenación do tráfico en vías urbanas e policía local (integrados na Área de persoal, seguridade, servizos e medio ambiente) e obras (integrados na Área de urbanismo e obras) a Don Alejandro Dopico Rodríguez.

III Conferir a delegación dos servizos de servizos e medio ambiente (incluídos na Área de persoal, seguridade, servizos e medio ambiente) e a Don José Andrés Serantes Panceiras.

IV Conferir a delegación dos servizos de facenda, promoción económica formación e emprego (integrados na Área de facenda, promoción económica, formación e emprego) a Don Juan José Franco Casal.

V Conferir a delegación dos servizos de educación, servizos sociais e igualdade (incluídos na área de urbanismo e benestar) e de protección civil (integrado na Área de persoal, seguridade, servizos e medio ambiente) a Dona Juana Barro Couto.

4º As delegacións especiais efectuadas no apartado anterior, enténdense conferidas como delegacións da dirección interna dos servizos, pero non inclúen a facultade de resolver mediante actos administrativos que afecten a terceiros.

O Concelleiro que ostente a delegación xenérica da área á que pertence o servizo, terá a facultade de supervisar a actuación dos/as Concelleiros/as con delegacións especiais.

5º A presente resolución será efectiva dende o día seguinte ó da súa sinatura e será publicada no Boletín oficial da provincia de A Coruña, en cumprimento do que dispoñen os artigos 44 e 46 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro. Así mesmo, esta resolución será notificada ós/ás interesados/as, facéndolles saber que, de acordo co que dispón o artigo 114 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, a delegación entenderase aceptada tácitamente se no prazo de tres días hábiles contados dende a notificación non realizan ningunha manifestación expresa no senso contrario ante o órgano delegante.”

2º Ordear a publicación desta resolución no Boletín Oficial da Provincia e dar conta da mesma ó Pleno da Corporación e á Xunta de Goberno Local na primeira sesión que se celebre.

Fene 23 de xuño do 2011

O alcalde-presidente

D.M.

Gumersindo Pedro Galego Feal

O secretario
Jesús Tallón García”

Sinala o sr. alcalde-presidente que o único que se cambiou nas áreas de goberno respecto do anterior mandato corporativo é a súa denominación.

O concelleiro Iván Puentes Rivera sinala que vota en falta a resolución de nomeamento de membros da Xunta de Delegados e que foi posta a disposición dos concelleiros xunto co expediente do Pleno.

4º Aprobación, se procede, da proposta da Alcaldía da determinación da periodicidade das sesións ordinarias do Pleno

Dende a Alcaldía dáse conta da proposta da determinación da periodicidade das sesións ordinarias do Pleno do Concello de Fene e que copiada di:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

O día 11 de xuño do 2011 constituíuse a Corporación municipal do Concello de Fene xurdida das eleccións municipais celebradas o 22 de maio do 2011.

O artigo 46.2 a da Lei 7/1985, de 2 de abril e reguladora das bases do réxime local (BOE núm. 80, do 03-04-1985) e artigo 210.2 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia (DOG núm. 149, de 5 de agosto) establecen que o Pleno da Corporación celebrará sesión ordinaria como mínimo cada dous meses e o artigo 24 do Regulamento orgánico do Concello de Fene (B.O.P. da Coruña núm. 156 do 8 de xullo do 2008) establece que o Pleno celebrará sesión ordinaria coa periodicidade que estableza o Pleno da Corporación e que na sesión extraordinaria que se convocará dentro dos trinta días seguintes ó da sesión constitutiva da Corporación, a proposta do Alcalde/sa, o Pleno acordará o día e a hora na que se celebraran as sesións ordinarias, en primeira convocatoria e dous días despois, á mesma hora, en segunda.

Logo de ver canto antecede, no exercizo das competencias que me atribúe a lexislación vixente, propoño que o Pleno adopte o seguinte acordo:

As sesións ordinarias do Pleno da Corporación do Concello de Fene terán carácter mensual, celebrándose as sesións o primeiro xoves de cada mes ás 18:00 horas. No suposto de que o día prefixado fose festivo ou inhábil, celebrarásese a sesión co mesmo carácter de ordinaria o seguinte xoves hábil.

Fene 28 de xuño do 2011

O alcalde-presidente

Gumersindo Pedro Galego Feal”

Non suscitándose debate, o Pleno do Concello, en votación ordinaria e por unanimidade dos concelleiros asistentes, acorda:

As sesións ordinarias do Pleno da Corporación do Concello de Fene terán carácter mensual, celebrándose as sesións o primeiro xoves de cada mes ás 18:00 horas. No suposto de que o día prefixado fose festivo ou inhábil, celebrarásese a sesión co mesmo carácter de ordinaria o seguinte xoves hábil.

5º Aprobación, se procede, da proposta da Alcaldía da creación, composición e periodicidade das Comisións Informativas Permanentes.

Dende a Alcaldía dáse conta da proposta da creación, composición e periodicidade das Comisións Informativas Permanentes que copiada di:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

Asunto: Creación das comisións informativas permanentes

O día 11 de xuño do 2011 constituíuse a Corporación municipal do Concello de Fene xurdida das eleccións municipais celebradas o 22 de maio do 2011.

O artigo 20.1 c) da Lei 7/1985, de 2 de abril e reguladora das bases do réxime local (BOE núm. 80, do 03-04-1985) e 68 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia (DOG núm. 149, de 5 de agosto) establecen que as comisións informativas deberán existir nos concellos de máis de 5000 habitantes necesariamente e que lle corresponde ó Pleno determinar ó seu número e denominación a proposta da Alcaldía.

Logo de ver os artigos 45 e seguintes do Regulamento orgánico do Concello de Fene (B.O.P. da Coruña núm. 156 do 8 de xullo do 2008) e 123 e seguintes do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro (BOE número 305 do 22 de decembro do 1986), que aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

Tendo en conta que cada Comisión estará integrada de forma que a súa composición se acomode á proporcionalidade existente entre os distintos grupos políticos municipais e concelleiros/as non adscritos representados na Corporación.

Logo de ver que a Comisión Especial de Contas, órgano necesario, poderá actuar como Comisión Informativa permanente para os asuntos relativos a economía e facenda da entidade.

Tendo en conta que por resolución da Alcaldía 528/2011 do 23 de xuño créanse as seguintes áreas do goberno municipal:

I Área de urbanismo e obras

II Área de persoal, seguridade, servicios e medio ambiente

III Área de facenda, promoción económica, formación e emprego

IV Área de cultura, educación, deportes e servicios sociais e igualdade

Logo de ver todo o que antecede, propoño que o Pleno da Corporación acorde:

1º Crear catro Comisións Informativas Permanentes coa seguinte denominación:

I Comisión informativa de urbanismo e obras

II Comisión informativa de persoal, seguridade, servicios e medio ambiente

III Comisión informativa de facenda, promoción económica, formación e emprego

IV Comisión informativa de cultura, educación, deportes, servicios sociais e igualdade

2º De conformidade có disposto nos artigos 20.1 e) e 116 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e 51 do Regulamento orgánico do Concello de Fene créase a Comisión especial de contas.

3º A Comisión especial de contas terá as competencias previstas no artigo 116 da lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do Réxime local e no artigo 51 do Regulamento orgánico municipal.

As Comisións informativas terán as competencias que sinala o artigo 20.1 c) da Lei 7/1985 de 2 de abril e 51 do Regulamento orgánico municipal e ditaminarán sobre as materias e asuntos relacionados coas seguintes áreas e materias:

I Comisión informativa de urbanismo e obras sobre a Área de urbanismo e obras.

II Comisión informativa de persoal, seguridade, servicios e medio ambiente sobre a Área de persoal, seguridade, servicios e medio ambiente.

III Comisión especial de facenda, promoción económica, formación e emprego sobre a Área de facenda, promoción económica, formación e emprego.

IV Comisión informativa de cultura, educación, deportes, servicios sociais e igualdade sobre a Área de cultura, educación, deportes e servicios sociais e igualdade.

4º As Comisións Informativas estarán compostas por (ademáis do alcalde-presidente, membro nato das comisións ex lege, sen prexuízo de que delegue nalgún dos concelleiros que pertencen á comisión, a proposta feita no seu seo):

- Tres (3) representantes do Grupo Político do Partido Popular do Concello de Fene

- Dous (2) representantes do Grupo Municipal Socialista do Concello de Fene

- Dous (2) representantes do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego

- Un (1) representante do Grupo mixto

- A Comisión Especial de Contas estará formada polos membros da Comisión Informativa de facenda, promoción económica, formación e emprego.

5º As Comisións informativas permanentes celebrarán sesión ordinaria con periodicidade mensual nas datas e horas que respectivamente se establece:

I Comisión informativa de urbanismo e obras: o martes da semana anterior á semana na que se celebre o Pleno ordinario do correspondente mes ás 9:00 horas.

II Comisión informativa de persoal, seguridade, servicios e medio ambiente: o mércores da semana anterior á semana na que se celebre o Pleno ordinario do correspondente mes ás 9:00 horas.

III Comisión especial de facenda, promoción económica, formación e emprego: o luns da semana anterior á semana na que se celebre o Pleno ordinario do correspondente mes ás 8:45 horas.

IV Comisión informativa de cultura, educación, deportes, servicios sociais e igualdade: o venres da semana anterior á semana na que se celebre o Pleno ordinario do correspondente mes ás 9:00 horas.

V A Comisión especial de contas reuniráse cando sexa convocada pola Presidencia

Axustarán o su funcionamento ao disposto nos artigos 53 e seguintes do Regulamento orgánico municipal.

6º A adscripción concreta a cada Comisión dos membros da Corporación que deban formar parte da mesma en representación de cada grupo, realizaráse mediante escrito do seu voceiro dirixido á Alcaldía, do que se dará conta ao Pleno, podendo desinarse un suplente.

Fene 29 de xuño do 2011

O alcalde-presidente

Gumersindo Pedro Galego Feal"

Non suscitándose debate, o Pleno do Concello, en votación ordinaria e por unanimidade dos concelleiros asistentes, acorda:

1º Crear catro Comisións Informativas Permanentes coa seguinte denominación:

I Comisión informativa de urbanismo e obras

II Comisión informativa de persoal, seguridade, servicios e medio ambiente

III Comisión informativa de facenda, promoción económica, formación e emprego

IV Comisión informativa de cultura, educación, deportes, servicios sociais e igualdade

2º De conformidade có disposto nos artigos 20.1 e) e 116 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e 51 do Regulamento orgánico do Concello de Fene créase a Comisión especial de contas.

3º A Comisión especial de contas terá as competencias previstas no artigo 116 da lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do Réxime local e no artigo 51 do Regulamento orgánico municipal.

As Comisións informativas terán as competencias que sinala o artigo 20.1 c) da Lei 7/1985 de 2 de abril e 51 do Regulamento orgánico municipal e ditaminarán sobre as materias e asuntos relacionados coas seguintes áreas e materias:

I Comisión informativa de urbanismo e obras sobre a Área de urbanismo e obras.

II Comisión informativa de persoal, seguridade, servicios e medio ambiente sobre a Área de persoal, seguridade, servicios e medio ambiente.

III Comisión especial de facenda, promoción económica, formación e emprego sobre a Área de facenda, promoción económica, formación e emprego.

IV Comisión informativa de cultura, educación, deportes, servicios sociais e igualdade sobre a Área de cultura, educación, deportes e servicios sociais e igualdade.

4º As Comisións Informativas estarán compostas por (ademáis do alcalde-presidente, membro nato das comisións ex lege, sen prexuízo de que delegue nalgún dos concelleiros que pertenzan á comisión, a proposta feita no seu seo):

- Tres (3) representantes do Grupo Político do Partido Popular do Concello de Fene

- Dous (2) representantes do Grupo Municipal Socialista do Concello de Fene
- Dous (2) representantes do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego
- Un (1) representante do Grupo mixto
- A Comisión Especial de Contas estará formada polos membros da Comisión Informativa de

facenda, promoción económica, formación e emprego.

5º As Comisións informativas permanentes celebrarán sesión ordinaria con periodicidade mensual nas datas e horas que respectivamente se establece:

I Comisión informativa de urbanismo e obras: o martes da semana anterior á semana na que se celebre o Pleno ordinario do correspondente mes ás 9:00 horas.

II Comisión informativa de persoal, seguridade, servizos e medio ambiente: o mércores da semana anterior á semana na que se celebre o Pleno ordinario do correspondente mes ás 9:00 horas.

III Comisión especial de facenda, promoción económica, formación e emprego: o luns da semana anterior á semana na que se celebre o Pleno ordinario do correspondente mes ás 8:45 horas.

IV Comisión informativa de cultura, educación, deportes, servizos sociais e igualdade: o venres da semana anterior á semana na que se celebre o Pleno ordinario do correspondente mes ás 9:00 horas.

V A Comisión especial de contas reuniráse cando sexa convocada pola Presidencia

Axustarán o su funcionamento ao disposto nos artigos 53 e seguintes do Regulamento orgánico municipal.

6º A adscrición concreta a cada Comisión dos membros da Corporación que deban formar parte da mesma en representación de cada grupo, realizarase mediante escrito do seu voceiro dirixido á Alcaldía, do que se dará conta ao Pleno, podendo desinarse un suplente.

6º Aprobación, se procede, da proposta da Alcaldía da determinación das sesións ordinarias da Xunta de Goberno

Pola Alcaldía dáse conta da súa proposta que copiada literalmente di:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

O día 11 de xuño do 2011 constituíuse a Corporación municipal do Concello de Fene xurdida das eleccións municipais celebradas o 22 de maio do 2011.

O artigo 46.2 a da Lei 7/1985, de 2 de abril e reguladora das bases do réxime local (BOE núm. 80, do 03-04-1985) e artigo 212 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia (DOG núm. 149, de 5 de agosto) establecen que a Xunta de Goberno Local celebrará sesión ordinaria coa periodicidade que sinala o Regulamento orgánico e como mínimo cada quince días e o artigo 18 do Regulamento orgánico do Concello de Fene (B.O.P. da Coruña

núm. 156 do 8 de xullo do 2008) establece que o Pleno establecerá a periodicidade da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local ó inicio de cada mandato corporativo.

Logo de ver canto antecede, no exercizo das competencias que me atribúe a lexislación vixente, propono que o Pleno adopte o seguinte acordo:

As sesións ordinarias da Xunta de Goberno Local do Concello de Fene terán carácter semanal, celebrándose as sesións os xoves de cada semana ás 9:00 horas en primeira convocatoria. No suposto de que o día prefixado fose festivo ou inhábil, celebrarásese a sesión co mesmo carácter de ordinaria o seguinte xoves hábil.

Fene 28 de xuño do 2011

O alcalde-presidente

Gumersindo Pedro Galego Feal”

O voceiro do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego, Don Manuel Polo Gundín, tras solicitar a palabra, manifesta que o seu Grupo vaise abster neste asunto xa que é algo que lle incumbe ó goberno e non están nin a favor nin en contra.

Rematado o debate, en votación ordinaria por doce votos a favor (dos concelleiros Don Gumersindo Pedro Galego Feal, Dona Rocío Aurora Bértoa Puente, Don Alejandro Dopico Rodríguez, Don Juan José Franco Casal, Dona Juana Barro Couto e Don José Andrés Serantes Painceiras, Don Iván Puentes Rivera, Don Antonio Luis Noceda Carballo, Dona Amalia García Balado, Don José Antonio López Rodríguez, Dona María Carmen Silvar Canosa e Dona María del Carmen Martínez Rodríguez) e cinco abstención (dos concelleiros Don Juventino José Trigo Rey, Dona Rita María Couto Seijido, Don Manuel Polo Gundín, Dona Inés Roca Requeijo e Don Justo Martínez Ardá) o Pleno do Concello acorda:

As sesións ordinarias da Xunta de Goberno Local do Concello de Fene terán carácter semanal, celebrándose as sesións os xoves de cada semana ás 9:00 horas en primeira convocatoria. No suposto de que o día prefixado fose festivo ou inhábil, celebrarásese a sesión co mesmo carácter de ordinaria o seguinte xoves hábil.

7º Aprobación, se procede, da proposta da Alcaldía da determinación dos concelleiros que exercerán os seus cargos con adicación exclusivas, réxime de asistencias dos membros da Corporación, fixación das subvencións ós Grupo políticos municipais e fixación do réxime de indemnizacións por gastos efectivos ocasionados no exercicio do cargo

Pola Alcaldía dáse conta da súa proposta que copiada literalmente di:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

Asunto: determinación dos concelleiros que exercerán os seus cargos con adicacións exclusivas, réxime de asistencias dos membros da Corporación, fixación das subvencións ós Grupos políticos municipais e fixación do réxime de indemnizacións por gastos efectivos ocasionados no exercicio do cargo

O volumen de servicios, actividades e expedientes de diversa natureza nesta Corporación fan necesarios, para o seu adecuado seguimento e atención específica, que diversos membros do goberno desempeñen o seu cargo en réxime de adicación exclusiva.

En efecto, corresponde ó Pleno, a proposta do Presidente , e dentro da consignación global a tal fin contida no orzamento, determinar a relación de cargos da Corporación que poderán desenrolarse en réxime de adicación exclusiva e, polo tanto, con dereito a retribución así como as contías que correspondan en atención ó seu grado de responsabilidade (art. 75.2 da LRBRL e 13.4 ROF).

Dado que a normativa vixente non prevé un límite específico para as retribucións dos membros en réxime de adicación exclusiva, nin tampouco existe unha limitación global para todo o conxunto de asignacións dos membros electivos das corporacións locais, esta Alcaldía presenta esta proposta previa valoración da responsabilidade e adicación que vai a ser asumida en cada caso.

Ademais do anterior, neste mandato preténdese dar continuidade ó acordo adoptado polo Pleno deste concello en sesión de 3 de agosto de 2010, que supuxo a aplicación do acordo adoptado pola FEMP en relación á redución dos salarios dos cargos electos e altos cargos locais para o exercicio 2010 e 2011, como consecuencia da aprobación do RDL8/2010, de 20 de mayo, polo que se adoptan medidas extraordinarias para a redución do déficit público.

Asemade, é necesario adoptar medidas que garanticen o correcto funcionamento dos grupos políticos para o cumprimento dos seus fins, no marco das posibilidades económicas desta Corporación.

Considerando o disposto nos artigos 73.3 e 75 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, os artigos 23 e seguintes do Regulamento de Organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 26 de novembro, artigo 3 do Regulamento Orgánico Municipal e normas concordantes e xerais de aplicación, proponse ó Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

1º Aprobar a fixación das seguintes adicacións exclusivas con efectos económicos dende o día seguinte ó do presente acordo, en réxime de xornada completa, dos seguintes cargos da Corporación, coas retribucións que de seguido se indican:

- Sr. Alcalde-Presidente, D. Gumersindo Pedro Galego Feal: 41.405,85 € brutos anuais distribuídos en 12 pagas mensuais e dúas extraordinarias da mesma contía nos meses de xuño e decembro.
- Sr. Concelleiro delegado da área de organización e delegado dos servizos de medio ambiente, praias e espazos públicos, persoal, policía local, tráfico e obras incluídas en plans provinciais, Don Alejandro Dopico Rodríguez: 27.726,68 € brutos anuais distribuídos en 12 pagas mensuais e dúas extraordinarias da mesma contía nos meses de xuño e decembro.

O devengo das pagas extraordinarias dos meses de xuño e decembro estarán suxeitas ás mesmas normas que as previstas para o personal funcionario.

2º Solicitar ante a Tesourería Xeral da Seguridade Social a afiliación e alta dos concelleiros con adicación exclusiva.

3º Os membros da Corporación que non desempeñen cargos en réximen de adicación exclusiva percibirán, pola concurrencia efectiva ás sesións dos órganos colexiados dos que formen parte , as asistencias que de seguido se indican:

Organo colexiado	Importe (€)
------------------	-------------

Sesión ordinaria Pleno	402,56 €/sesión
Sesión extraordinaria Pleno	77,39 €/sesión
Xunta de Delegados	336,07 €/sesión
Xunta de Gobierno Local	25,00 €/sesión

O pago das asignacións realizarase previo certificado da Secretaría da asistencia efectiva de cada un dos membros da corporación municipal ás correspondentes sesións.

En caso de concorrer dúas ou máis sesións de calquera dos órganos indemnizables o no mesmo día cuxa hora de inicio, segundo a convocatoria, non difira en mais de tres horas, os Sres. concelleiros/as de que se trate percibirán a cantidade correspondente a unha soa sesión, aplicándose a sinalada á de maior contía.

Tendo en conta o actual contexto de crise económica, fíxase un máximo anual de indemnizacións por asistencias a determinados órganos colexiados dacordo co seguinte:

-Sesións extraordinarias do Pleno da Corporación e Xunta de Gobierno Local: máximo indemnizable 8 sesións por exercicio, a excepción do ano 2011 no que serán só indemnizables 4 sesións.

--Sesións extraordinarias da Xunta de Delegados: máximo indemnizable 3 sesións por exercicio, excepto para o ano 2011 que serán só indemnizables 2 sesións.

Non serán indemnizables as sesións constitutivas dos órganos colexiados.

4º A contía das adicacións exclusivas e indemnizacións por asistencias a órganos colexiados fixadas neste acordo serán revisadas para cada exercicio orzamentario con efectos de 1 de xaneiro, na forma que establezan as bases de execución do orzamento de cada exercicio.

5º Para o cumprimento dos seus fins, e con cargo ó orzamento anual de cada exercicio do mandato da Corporación 2011-2015, establecece para ós grupos políticos municipais unha dotación económica anual que virá determinada dacordo cos seguintes parámetros, e que terá efectos económicos a partir do mes seguinte no que se adopte o correspondente acordo: O componente fixo establécese en 172,46 €/mes por grupo político e o compoñente variable establéce en 36,49 €/mes por cada un dos membros da Corporación que integren o grupo político de que se trate.

Os grupos políticos deberán de levar unha contabilidade específica da dotación que perciban segundo o parágrafo anterior, que porán a disposición do Pleno da Corporación sempre que éste llo pida, así como en todo caso no mes de maio de cada ano poñerose a disposición da Intervención municipal para a súa fiscalización a documentación do exercicio anterior. Esta documentación consistirá en:

1. Un libro rexistro, foliado e numerado e co selo do Concello, dos ingresos recibidos da Corporación e dos pagos realizados con cargo a ditos ingresos.

2. As facturas ou recibos que sirvan de soporte xustificativo dos gastos realizados.

Os límites a estes gastos están determinados pola LBRL ó indicar que debe tratarse de gastos de funcionamento e que, en ningún caso, poderán destinarse ó pago de retribucións ou de adquisición de bens de inversión, é dicir, activos fixos de carácter patrimonial.

A xustificación deberá efectuarse mediante declaración xurada do voceiro de cada un deles de ter destinado o importe percibido ós fins para os que se concedeu, sen prexuízo da obriga de presentar no mes de maio a documentación sinalada máis arriba.

O pagamento realizarse do modo seguinte: no mes de xaneiro adiantarase o 80% da cantidade asignada, debendo xustificar tal e como se indica no apartado anterior antes do 30 de decembro ante a Intervención de fondos do Concello para proceder ó aboamento do 20% restante.

6º As indemnizacións por gastos ocasionados no exercicio do seu cargo por parte dos cargos electos do concello regularanse nos termos que a continuación se indican:

1) Só dan dereito a indemnización os gastos ocasionados en comisións de servizo fóra do termino municipal do Concello de Fene levadas a cabo por :

- Alcalde presidente
- Concelleiros, previa autorización por parte do Alcalde.

2) Conceptos indemnizables.

Os cargos electos cando realicen algunha das funcións que dan dereito a indemnización segundo o Real Decreto 462/2002, de 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo, ou polas normas que modifiquen a contía e o réxime destas, segundo o apartado anterior, serán resarcidos pola contía exacta dos gastos realizados que sexan necesarios para o exercicio das citadas funcións, de acordo coa xustificación documental dos mesmos.

En caso contrario, indemnizarase na contía sinalada para o grupo 1 do anexo II e III do Real decreto 462/2002, de 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo, ou polas normas que modifiquen a contía e o réxime destas.

3) Criterios de devengo dos gastos de aloxamento e manutención.

3.1. Nas comisións cuxa duración sexa igual ou inferior a un día natural, en xeral non se percibirán indemnizacións por gastos de aloxamento nin de manutención salvo cando, tendo a comisión unha duración mínima de cinco horas:

- ésta se inicie antes das catorce horas y remate despois das dezaseis horas.

Neste supostos poderán abonarse os gastos de manutención que se xustificuen.

3.2. Nas comisións cuxa duración sexa igual ou inferior a vintecatro horas, pero comprendan parte de dous días naturais, poderán percibirse indemnizacións por gastos de aloxamento correspondentes a un só día e os gastos de manutención nas mesmas condicións fixadas no seguinte apartado para os días de saída e regreso.

3.3. Nas comisións cuxa duración sexa superior a vintecatro horas terase en conta:

- a) No día de saída poderanse percibir gastos de aloxamento pero non gastos de manutención, salvo que a hora fixada para iniciar a comisión sexa anterior as catorce horas,

poderanse percibir gastos de manutención de comida e cea, reducíndose a cea cando dita hora de saída sexa posterior as catorce horas pero anterior as vintedúas horas.

b) No día de regreso non se poderán percibir gastos de aloxamento nin de manutención, salvo que a hora fixada para concluír a comisión sexa posterior as catorce horas, en cuxo caso se percibirá, con carácter xeral, unicamente unha única indemnización pola comida. Se a hora fixada para concluír a comisión é posterior ás 22.00 horas percibirá tamén a indemnización pola cea.

c) nos días intermedios entre os de saída e regreso se percibirán dietas de tódolos gastos de manutención ocasionados que estén debidamente xustificadas(almuerzo, comida e cea) .

4) Indemnizacións por gastos de viaxe.

4.1.- Toda comisión de servizo dará dereito a viaxar pola conta do Concello dende o lugar de inicio ata o de destino, e o seu regreso, no medio de transporte que se determine ao autorizar a comisión, procurándose que o desprazamento efectúese por liñas regulares.

Se o autorizar a comisión de servizo non se determinara expresamente o medio de transporte, o comisionado poderá empregar os medios regulares dispoñibles e, no seu caso, cas instrucións impartidas a hora de aprobar a comisión de servizo.

4.2.- Indemnizaranse polo importe do billete ou pasaxe utilizado, o importe xustificado, cos seguintes límites:

a) Avión: clase turista ou clase de contía inferior a prevista para aquela.

b) Trens de alta velocidade: grupo primeiro, clase preferente; segundo e terceiro grupo, clase turista.

c) Trens nocturnos: grupo primeiro, cama preferente; segundo y terceiro grupo, cama turista ou liteiras.

d) Trens convencionais e outros medios de transporte: grupos primeiro e segundo, clase primeira ou preferente; terceiro grupo, clase segunda ou turista.

Non obstante o disposto no parágrafo anterior, nos casos de urxencia cando non houbera billete ou pasaxe da clase que corresponda, ou por motivos de representación ou duración dos viaxes, a autoridade que ordene a comisión poderá autorizar unha clase superior.

Nos casos en que se utilicen para o desprazamento medios gratuítos do Estado non se terá dereito a ser indemnizado por este concepto.

Así mesmo, poderanse indemnizar os gastos de:

1) consignas de equipaxes cando o comisionado vexase obrigado a permanecer «en tránsito» nalgunha cidade ou no propio aeroporto ou estación.

2) taxis ou vehículos de aluguer con ou sen conductor en destino, sempre que se autorice excepcionalmente na orden de comisión.

3) billetes de metro tamén serán indemnizables, neste caso non será necesaria a autorización expresa na orde da comisión de servizo.

4.3.- Cando na orden da comisión se autorice a súa utilización, serán así mesmo indemnizables como gastos de viaxe, unha vez xustificadas documentalmente, os gastos de desprazamento en taxi entre as: estacións de ferrocarril, autobuses, portos e aeroportos, así como tamén dende o parking onde se deixe o vehículo propio; e o lugar de destino da comisión ou el lugar da residencia oficial, segundo se trate da ida ou de regreso, respectivamente, así como os correspondentes a xestións ou dilixencias, en dito lugar, especificamente relacionadas co servizo de que se trate e sempre cos medios regulares de transporte resulten claramente inadecuados.

5) Utilización de vehículos particulares e outros medios especiais de transporte.

Cando, así se determine na orden da comisión, poderase utilizar nas comisións de servizo, vehículos particulares.

Téñase en conta que o importe da indemnización a percibir como gasto de viaxe polo uso de vehículo particular na comisión de servizo, queda fixada en 0,19 euros por kilómetro recorrido polo uso de automóviles, conforme o establece o artigo 1 da Orden de EHA/3770/2005, de 1 de decembro, pola que se revisa o importe da indemnización polo uso de vehículo particular establecida no Real Decreto 462/2002, de 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo.

Neste caso tamén resultarán indemnizables, previa xustificación documental, os gastos de peaxe en autopistas, nos casos en que polas características do percorrido, se considerase necesario polo órgano que designa a comisión e se prevera na correspondente orden.

6) Revisión das indemnizacións.

A contía das indemnizacións derivadas do uso do vehículo particular será aplicable a norma estatal que leve a cabo a actualización do importe das mesmas.

7) Outros gastos.

Así mesmo tamén serán considerados como gastos indemnizables por parte da Corporación os dos cargos electos cando sexan ocasionados con motivo da matrícula en cursos impartidos polas administracións públicas e dirixidos nas súas convocatorias ós cargos electos.

8) Procedemento para levar a cabo a comisión e a súa indemnización.

Será preciso solicitar a autorización ao Alcalde do Concello quen a través de autorización determinará a data, o lugar de destino, a hora estimada de comezo e fin da comisión de servizo, o medio de transporte que se autoriza a utilizar, etc e demais extremos precisos conforme os artigos anteriores.

Logo de celebrada a comisión os cargos electos deberán presentar con carácter previo ao abono da mesma a conta xustificativa, coas facturas ou documentos substitutivos correspondentes xustificativas do gasto realizado. Respecto a conta xustificativa deben coincidir os conceptos xustificados ca orde de comisión de servizo emitida polo Alcalde.

Unha vez fiscalizado o expediente pola intervención municipal, farase efectivo o abono da indemnización a través de transferencia ao interesado.

Posibilitase con carácter excepcional, e en casos debidamente xustificados no expediente, que o abono das indemnizacións teña carácter de a xustificar.

Para o non previsto expresamente neste acordo, será de aplicación o RD462/2002, de 20 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo e disposicións de desenvolvemento ou normas de carácter xeral que as substitúan.

7º Proceder á publicación do presente acordo no Boletín Oficial da Provincia, ós efectos do disposto no artigo 75.5 da Lei 7/1985, de 2 de abril

Fene 23 de xuño de 2011

O alcalde

Gumersindo Pedro Galego Feal”

Consta no expediente o informe da Intervención que copiado literalmente di:

“INFORME DE INTERVENCIÓN

REXIME RETRIBUTIVO DOS CONCELEIROS DA CORPORACION.

ASUNTO: FISCALIZACIÓN PRECEPTIVA PREVIA DO EXPEDIENTE ADMINISTRATIVO CORRESPONENTE Á PROPOSTA DA ALCALDÍA DO DÍA 29/06/11, REFERIDA Ó “DETERMINACIÓN DOS CONCELEIROA QUE EXERCERÁN OS SEUS CARGOS CON ADICACIÓNS EXCLUSIVAS, RÉXIME DE ASISTENCIAS DOS MEMBROS DA CORPORACIÓN, FIXACIÓN DAS SUBVENCÍONS ÓS GRUPOS POLÍTICOS MUNICIPAIS E FIXACIÓN DO RÉXIME DE INDEMNIZACIÓNS POR GASTOS EFECTIVOS OCASIONADOS NO EXERCICIO DO SEU CARGO”.

Organo resolutorio:	Pleno
Importes:	<p>Adicacións exclusivas:</p> <ul style="list-style-type: none">• Concelleiro delegado da área de organización, e servizos de medio ambiente, praias, espazos públicos, personal, policía local, tráfico e obras incluídas en plans provinciais: 27.726,68 €/ano• Alcalde: 41.405,85 €/ano <p>Asignacións grupos políticos:</p> <ul style="list-style-type: none">- 172,46 €/ mes grupo político- 36,49 €/mes por membro do grupo. <p>Asistencia a órganos colexiados:</p> <ul style="list-style-type: none">-Pleno ordinario:402,56 €/ sesión-Pleno extraordinario: 77,39 €/sesión-Xunta Delegados: 336,07 €/sesión-Xunta de Goberno Local:25 €/sesión <p>Réxime de indemnizacións por razón do servizo</p>
Aplicacións orzamentarias:	912.100.00

	912.23300
	912.23000
	912.23100
	912.48900
Código proxecto (en gastos con fin. afectada).	-----

NORMATIVA APLICABLE.

A fiscalización é exercida de conformidade co establecido no Texto Refundido Ley de Haciendas Locales, e como normas supletorias:

- Lei 47/2003, de 26 de novembro, General Presupuestaria.
- Real Decreto 2188/95 que desenvolve o Réxime de Control Interno exercido pola Intervención General del Estado.
- Resolución de la Intervención General del Estado de 02/06/08 que da aplicación á previsión dos artigos 152 e 147 da Ley General Presupuestaria respecto ó exercicio da función interventora.
- (CE) artigo 103.1 da Constitución Española do 27 de decembro de 1978 (BOE número 311-1, do 29.12.78).
- (CEAL) Carta Europea de autonomía local, de 05.10.85 (BOE número 47, do 24.02.89).
- (LALG) artigo 5.1 da Lei 5/1997 do 22 de xullo, de administración local de Galicia (DOG número 149, do 05.08.97).
- (LIF) Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas (BOE número 4, do 04.01.84).

A normativa respecto á cal é comprobada a adecuación dos asuntos fiscalizados é a seguinte:

- Ley 7/1985 Reguladora de las Bases del Régimen Local (e modificacións da mesma).
- Bases de execución do Orzamento municipal para o exercicio 2010, prorrogado.
- Real Decreto 2568/1986 de Régimen Jurídico, Organización y Funcionamiento de los Entes Locales.
- Ley 30/1992, de 26 de novembro, do réxime xurídico das Administracións Públicas e procedemento administrativo común.

FISCALIZACIÓN DEL EXPEDIENTE (Extremos comprobados).

Con carácter xeral:

- Existencia e adecuación de crédito.
- Gasto plurianual. Cumprimento dos requisitos do art. 174 do TRLRHL.
- Competencia do órgano.
- Executividade dos recursos que financian a proposta.
- Que se emitiron os informes preceptivos que en cada caso procedan.

Acordo de fixación ou modificación de contías das indemnizacións e/ ou adicacións parciais e exclusivas:

- Observancia dos requisitos esixidos polos artigos 75 da Ley 7/1985 LRBL e 13 do R.O.F..
- Observancia dos requisitos esixidos pola normativa de incompatibilidades (Ley 53/1984).
- Observancia dos límites fixados anualmente na lei de Orzamentos do Estado.

RESULTADO DA FISCALIZACIÓN.

- Fiscalizado de conformidade** (non obstante, Ver anexo).
- Fiscalizado de desconformidade.

CONCLUSIONS.

- Devolución do expediente para subsanación de erros e/ ou aportación dos documentos omitidos.
- Procede a tramitación do expediente, sen perxuízo de que deban observarse os límites e trámites así como as restantes observacións indicadas no Anexo de Observacións.**

Sen efectos suspensivos, pero o departamento de tramitación do expediente debería subsana – los reparos antes de somete – lo expediente a aprobación.

Suspensión da tramitación do expediente ata que os reparos sexan solventados ou se resolva a discrepancia planteixada.

ANEXO: OBSERVACIONES

No expediente administrativo non se indica quen é o funcionario responsable do mesmo, así como o encargado da súa tramitación, incumprindo o establecido nos artigos 35.b) da LRX-PAC e 182 do ROF; carecendo de foliación e de rúbrica, incumprindo o disposto no artigo 164.2 do ROF e carecendo, así mesmo, de índice de documentos (incumprindo o establecido no artigo 179 do ROF).

Non consta informe da xefatura da dependencia á que corresponda a tramitación do expediente administrativo, expoñendo os antecedentes e disposicións legais ou regulamentarias en que funde seu criterio, incumprindo o establecido no artigo 172.1 do ROF. Non consta, no seu caso, informe da Secretaria Xeral no Concello de Fene.

Os acordos indicados na proposta da Alcaldía supoñen o exercicio dunha potestade discrecional polo que deberán ser suficientemente motivados, con sucinta referencia aos feitos e aos fundamentos de dereito (artigo 54.1.f da LRX-PAC). A proposta non indica, a xuízo da que suscribe, a motivación dos acordos a adoptar con respecto ao número de concelleiros que desempeñarán os seus cargos en réxime de dedicación exclusiva, así como a contificación das correspondentes retribucións en función ao grado de responsabilidade e dedicación (artigo 13.4 do ROF) con indicación das tarefas que xustifiquen o réxime de dedicación e as retribucións (STS de 12.02.1991), unicamente a proposta da Alcaldía fai referencia á “previa valoración da responsabilidade e adicación que vai ser asumida en cada caso” así como ó feito de que “neste mandato preténdese dar continuidade ó acordo adoptado polo Pleno en sesión de 3 de agosto de 2010...”.

De igual xeito, non consta ningunha motivación das contías a percibir en concepto de asignacións a grupos políticos municipais. Non obstante o anterior, estas mantéñense nas mesmas contías que as establecidas para o anterior mandato corporativo.

Polo que se refire ó réxime de indemnizacións por asistencias a órganos colexiados, prodúcese un incremento do 8% do importe da asistencia á sesión do Pleno ordinario en relación coas contías fixadas no anterior mandato corporativo. Non consta nin unha motivación de tal incremento nin tampouco do resto das contías fixadas en concepto de asistencias.

Ademais do anterior, cómpre lembrar que:

1/Os acordos deben expoñerse no taboleiro de anuncios do Concello e no B.O.P. (art. 75.5 L.R.B.R.L)

2/A total incompatibilidade da retribución por adicación exclusiva con calquera outra con cargo ós orzamentos das Administracións Públicas (incluíndo entes, organismos e empresas dependentes) e para o desenvolvemento de actividades nos termos da Ley 53/1984 de Incompatibilidades del Personal al Servicio de las Administraciones Públicas.

3/Conforme ó artigo 13.4 ROF é necesaria a aceptación expresa do réxime de adicación exclusiva polo interesado e a posterior comunicación ó Pleno na seguinte sesión ordinaria.

Fene, a 29 de xuño de 2011.

A INTERVENTORA

Asdo.-Marta Roca Naveira”

Solicitada e concedida a palabra o voceiro do Grupo Municipal Socialista do Concello de Fene, Don Iván Puentes Rivera, di que, tal e como avanzaron, é preciso dignificar e valorar o traballo político dos veciños que se adicarán en corpo e alma a gobernar e que tamén é preciso dar exemplo e se a sociedade ten que facer recortes tamén deben os políticos axustarse. Di que a Corporación anterior xa o fixo e que o seu Grupo non vai facer das retribucións dos políticos causa política, que o criterio debe ser a contención e que co obxecto de acadar unha certa unanimidade vanse abster.

Solicitada e concedida a palabra o voceiro do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego, Don Manuel Polo Gundín, di que o seu Grupo se vai abster porque o goberno é o que ten que facer propostas e que a realizada non lle parece fóra de lugar xa que se mantén unha estrutura similar á de anos pasados. Prosegue dicindo que hai catro anos o Partido Popular votou en contra das adicacións exclusivas e que a eles lle parece correcta a proposta dos membros con adicacións exclusivas aínda que entenden que neste momento o que procedería é aumentar as parciais. Prosegue dicindo que no último goberno do Bloque Nacionalista Galego cando se solicitou ó Pleno aumentar unha adicación exclusiva ademais da que tiña o seu alcalde non se lle facilitou por parte do PSOE e do PP. Tamén di que coa proposta se perdeu unha oportunidade ó non ter en conta a Xunta de Voceiros como un órgano máis. Conclúe dicindo que o seu Grupo se vai abster.

Pola voceira do Grupo Político do Partido Popular no Concello de Fene, Dona Rocío Aurora Bértoa Puente, solicitada e concedida a palabra, dise que o voto en contra do Partido Popular no establecemento destes acordos na anterior Corporación non se debeu ás adicacións exclusivas propostas e si se debeu ós tres postos de asesoramento propostos, como quedou claro cando o seu Grupo se mostrou a favor do incremento do número de adicacións no P.S.O.E. cando saíu do goberno municipal o B.N.G. na anterior lexislatura.

Polo sr. alcalde-presidente faise uso da palabra para dicir que para establecer a Xunta de Voceiros pretenden modificar o Regulamento orgánico municipal.

Polo voceiro do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego, Don Manuel Polo Gundín, dise que o dito polo Grupo popular sobre as adicacións exclusivas fíxose na acta da sesión organizativa de hai catro anos, no seu punto 9 referido soamente ás adicacións exclusivas.

Pola voceira do Grupo Político do Partido Popular no Concello de Fene, Dona Rocío Aurora Bértoa Puente sinálase que é claro que o seu Grupo non se opuxo anteriormente ás adicacións exclusivas como demostra o feito de apoiar o incremento das mesmas cando o B.N.G. saíu do goberno municipal na pasada lexislatura.

Rematado o debate, en votación ordinaria por seis votos a favor (dos concelleiros Don Gumersindo Pedro Galego Feal, Dona Rocío Aurora Bértoa Puente, Don Alejandro Dopico Rodríguez, Don Juan José Franco Casal, Dona Juana Barro Couto e Don José Andrés Serantes Panceiras) e once abstencións (dos concelleiros Don Iván Puentes Rivera, Don Antonio Luis Noceda Carballo, Dona Amalia García Balado, Don José Antonio López Rodríguez, Dona María Carmen Silvar Canosa Rodríguez Don Juventino José Trigo Rey, Dona Rita María Couto Sejjido, Don Manuel Polo Gundín, Dona Inés Roca Requeijo e Don Justo Martínez Ardá e Dona María del Carmen Martínez) o Pleno do Concello acorda:

1º Aprobar a fixación das seguintes adicacións exclusivas con efectos económicos dende o día seguinte ó do presente acordo, en réxime de xornada completa, dos seguintes cargos da Corporación, coas retribucións que de seguido se indican:

-Sr. Alcalde-Presidente, D. Gumersindo Pedro Galego Feal: 41.405,85 € brutos anuais distribuídos en 12 pagas mensuais e dúas extraordinarias da mesma contía nos meses de xuño e decembro.

-Sr. Concelleiro delegado da área de organización e delegado dos servizos de de medio ambiente, praias e espazos públicos, persoal, policía local, tráfico e obras incluídas en plans provinciais, Don Alejandro Dopico Rodríguez: 27.726,68 € brutos anuais distribuídos en 12 pagas mensuais e dúas extraordinarias da mesma contía nos meses de xuño e decembro.

O devengo das pagas extraordinarias dos meses de xuño e decembro estarán suxeitas ás mesmas normas que as previstas para o personal funcionario.

2º Solicitar ante a Tesourería Xeral da Seguridade Social a afiliación e alta dos concelleiros con adicación exclusiva.

3º Os membros da Corporación que non desempeñen cargos en réximen de adicación exclusiva percibirán, pola concurrencia efectiva ás sesións dos órganos colexiados dos que formen parte, as asistencias que de seguido se indican:

Organo colexiado	Importe (€)
Sesión ordinaria Pleno	402,56 €sesión
Sesión extraordinaria Pleno	77,39 €sesión
Xunta de Delegados	336,07 €sesión
Xunta de Goberno Local	25,00 €sesión

O pago das asignacións realizarase previo certificado da Secretaría da asistencia efectiva de cada un dos membros da corporación municipal ás correspondentes sesións.

En caso de concorrer dúas ou máis sesións de calquera dos órganos indemnizables o no mesmo día cuxa hora de inicio, segundo a convocatoria, non difira en mais de tres horas, os Sres. concelleiros/as de que se trate percibirán a cantidade correspondente a unha soa sesión, aplicándose a sinalada á de maior contía.

Tendo en conta o actual contexto de crise económica, fíxase un máximo anual de indemnizacións por asistencias a determinados órganos colexiados dacordo co seguinte:

-Sesións extraordinarias do Pleno da Corporación e Xunta de Goberno Local: máximo indemnizable 8 sesións por exercicio, a excepción do ano 2011 no que serán só indemnizables 4 sesións.

--Sesi3ns extraordinarias da Xunta de Delegados: m3ximo indemnizable 3 sesi3ns por exercicio, excepto para o ano 2011 que ser3n s3o indemnizables 2 sesi3ns.

Non ser3n indemnizables as sesi3ns constitutivas dos 3rganos colexiados.

4^o A cont3a das adicaci3ns exclusivas e indemnizaci3ns por asistencias a 3rganos colexiados fixadas neste acordo ser3n revisadas para cada exercicio orzamentario con efectos de 1 de xaneiro, na forma que establezan as bases de execuci3n do orzamento de cada exercicio.

5^o Para o cumprimento dos seus fins, e con cargo 3 orzamento anual de cada exercicio do mandato da Corporaci3n 2011-2015, establecece para 3s grupos pol3ticos municipais unha dotaci3n econ3mica anual que vir3 determinada dacordo cos seguintes par3metros, e que ter3 efectos econ3micos a partir do mes seguinte no que se adopte o correspondente acordo:

O componente fixo establ3cese en 172,46 €/mes por grupo pol3tico e o compo3nente variable establ3ce en 36,49 €/mes por cada un dos membros da Corporaci3n que integren o grupo pol3tico de que se trate.

Os grupos pol3ticos deber3n de levar unha contabilidade espec3fica da dotaci3n que perciban segundo o par3grafo anterior, que por3n a disposici3n do Pleno da Corporaci3n sempre que 3ste llo pida, as3 como en todo caso no mes de maio de cada ano po3nerase a disposici3n da Intervenci3n municipal para a s3a fiscalizaci3n a documentaci3n do exercicio anterior. Esta documentaci3n consistir3 en:

1. Un libro rexistro, foliado e numerado e co selo do Concello, dos ingresos recibidos da Corporaci3n e dos pagos realizados con cargo a ditos ingresos.
2. As facturas ou recibos que sirvan de soporte xustificativo dos gastos realizados.

Os l3mites a estes gastos est3n determinados pola LBRL 3 indicar que debe tratarse de gastos de funcionamento e que, en ning3n caso, poder3n destinarse 3 pago de retribuci3ns ou de adquisici3n de bens de inversi3n, 3 dicir, activos fixos de car3cter patrimonial.

A xustificaci3n deber3 efectuarse mediante declaraci3n xurada do voceiro de cada un deles de ter destinado o importe percibido 3s fins para os que se concedeu, sen prexuzo da obriga de presentar no mes de maio a documentaci3n sinalada m3is arriba.

O pagamento realizarse do modo seguinte: no mes de xaneiro adiantarase o 80% da cantidade asignada, debendo xustificar tal e como se indica no apartado anterior antes do 30 de decembro ante a Intervenci3n de fondos do Concello para proceder 3 aboamento do 20% restante.

6^o As indemnizaci3ns por gastos ocasionados no exercicio do seu cargo por parte dos cargos electos do concello regularanse nos termos que a continuaci3n se indican:

1) S3o dan dereito a indemnizaci3n os gastos ocasionados en comisi3ns de servico f3ra do termino municipal do Concello de Fene levadas a cabo por :

- Alcalde presidente
- Concelleiros, previa autorizaci3n por parte do Alcalde.

2) Conceptos indemnizables.

Os cargos electos cando realicen algunha das funcións que dan dereito a indemnización segundo o Real Decreto 462/2002, de 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo, ou polas normas que modifiquen a contía e o réxime destas, segundo o apartado anterior, serán resarcidos pola contía exacta dos gastos realizados que sexan necesarios para o exercicio das citadas funcións, de acordo coa xustificación documental dos mesmos.

En caso contrario, indemnizarase na contía sinalada para o grupo 1 do anexo II e III do Real decreto 462/2002, de 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo, ou polas normas que modifiquen a contía e o réxime destas.

3) Criterios de devengo dos gastos de aloxamento e manutención.

3.1. Nas comisións cuxa duración sexa igual ou inferior a un día natural, en xeral non se percibirán indemnizacións por gastos de aloxamento nin de manutención salvo cando, tendo a comisión unha duración mínima de cinco horas:

- ésta se inicie antes das catorce horas y remate despois das dezaseis horas.

Neste supostos poderán abonarse os gastos de manutención que se xustifiquen.

3.2. Nas comisións cuxa duración sexa igual ou inferior a vintecatro horas, pero comprendan parte de dous días naturais, poderán percibirse indemnizacións por gastos de aloxamento correspondentes a un só día e os gastos de manutención nas mesmas condicións fixadas no seguinte apartado para os días de saída e regreso.

3.3. Nas comisións cuxa duración sexa superior a vintecatro horas terase en conta:

a) No día de saída poderanse percibir gastos de aloxamento pero non gastos de manutención, salvo que a hora fixada para iniciar a comisión sexa anterior as catorce horas, poderanse percibir gastos de manutención de comida e cea, reducíndose a cea cando dita hora de saída sexa posterior as catorce horas pero anterior as vintedúas horas.

b) No día de regreso non se poderán percibir gastos de aloxamento nin de manutención, salvo que a hora fixada para concluír a comisión sexa posterior as catorce horas, en cuxo caso se percibirá, con carácter xeral, unicamente unha única indemnización pola comida. Se a hora fixada para concluír a comisión é posterior ás 22.00 horas percibirá tamén a indemnización pola cea.

c) nos días intermedios entre os de saída e regreso se percibirán dietas de tódolos gastos de manutención ocasionados que estén debidamente xustificadas(almuerzo, comida e cea) .

4) Indemnizacións por gastos de viaxe.

4.1.-Toda comisión de servizo dará dereito a viaxar pola conta do Concello dende o lugar de inicio ata o de destino, e o seu regreso, no medio de transporte que se determine ao autorizar a comisión, procurándose que o desprazamento efectúese por liñas regulares.

Se o autorizar a comisión de servizo non se determinara expresamente o medio de transporte, o comisionado poderá empregar os medios regulares dispoñibles e, no seu caso, cas instrucións impartidas a hora de aprobar a comisión de servizo.

4.2.- Indemnizaranse polo importe do billete ou pasaxe utilizado, o importe xustificado, cos seguintes límites:

- a) Avión: clase turista ou clase de contía inferior a prevista para aquela.
- b) Trens de alta velocidade: grupo primeiro, clase preferente; segundo e terceiro grupo, clase turista.
- c) Trens nocturnos: grupo primeiro, cama preferente; segundo y terceiro grupo, cama turista ou liteiras.
- d) Trens convencionais e outros medios de transporte: grupos primeiro e segundo, clase primeira ou preferente; terceiro grupo, clase segunda ou turista.

Non obstante o disposto no parágrafo anterior, nos casos de urxencia cando non houbera billete ou pasaxe da clase que corresponda, ou por motivos de representación ou duración dos viaxes, a autoridade que ordene a comisión poderá autorizar unha clase superior.

Nos casos en que se utilicen para o desprazamento medios gratuítos do Estado non se terá dereito a ser indemnizado por este concepto.

Así mesmo, poderanse indemnizar os gastos de:

- 1) consignas de equipaxes cando o comisionado vexase obrigado a permanecer «en tránsito» nalgunha cidade ou no propio aeroporto ou estación.
- 2) taxis ou vehículos de aluguer con ou sen conductor en destino, sempre que se autorice excepcionalmente na orden de comisión.
- 3) billetes de metro tamén serán indemnizables, neste caso non será necesaria a autorización expresa na orde da comisión de servizo.

4.3.-Cando na orden da comisión se autorice a súa utilización, serán así mesmo indemnizables como gastos de viaxe, unha vez xustificadas documentalmente, os gastos de desprazamento en taxi entre as: estacións de ferrocarril, autobuses, portos e aeroportos, así como tamén dende o parking onde se deixe o vehículo propio; e o lugar de destino da comisión ou el lugar da residencia oficial, segundo se trate da ida ou de regreso, respectivamente, así como os correspondentes a xestións ou dilixencias, en dito lugar, especificamente relacionadas co servizo de que se trate e sempre cos medios regulares de transporte resulten claramente inadecuados.

5) Utilización de vehículos particulares e outros medios especiais de transporte.

Cando, así se determine na orden da comisión, poderase utilizar nas comisións de servizo, vehículos particulares.

Téñase en conta que o importe da indemnización a percibir como gasto de viaxe polo uso de vehículo particular na comisión de servizo, queda fixada en 0,19 euros por kilómetro recorrido polo uso de automóviles, conforme o establece o artigo 1 da Orden de EHA/3770/2005, de 1 de decembro, pola que se revisa o importe da indemnización polo uso de vehículo particular establecida no Real Decreto 462/2002, de 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo.

Neste caso tamén resultarán indemnizables, previa xustificación documental, os gastos de peaxe en autopistas, nos casos en que polas características do percorrido, se

considerase necesario polo órgano que designa a comisión e se prevera na correspondente orden.

6) Revisión das indemnizacións.

A contía das indemnizacións derivadas do uso do vehículo particular será aplicable a norma estatal que leve a cabo a actualización do importe das mesmas.

7) Outros gastos.

Así mesmo tamén serán considerados como gastos indemnizables por parte da Corporación os dos cargos electos cando sexan ocasionados con motivo da matrícula en cursos impartidos polas administracións públicas e dirixidos nas súas convocatorias ós cargos electos.

8) Procedemento para levar a cabo a comisión e a súa indemnización.

Será preciso solicitar a autorización ao Alcalde do Concello quen a través de autorización determinará a data, o lugar de destino, a hora estimada de comezo e fin da comisión de servicio, o medio de transporte que se autoriza a utilizar, etc e demais extremos precisos conforme os artigos anteriores.

Logo de celebrada a comisión os cargos electos deberán presentar con carácter previo ao abono da mesma a conta xustificativa, coas facturas ou documentos substitutivos correspondentes xustificativas do gasto realizado. Respecto a conta xustificativa deben coincidir os conceptos xustificados ca orde de comisión de servicio emitida polo Alcalde.

Unha vez fiscalizado o expediente pola intervención municipal, farase efectivo o abono da indemnización a través de transferencia ao interesado.

Posibilitase con carácter excepcional, e en casos debidamente xustificados no expediente, que o abono das indemnizacións teña carácter de a xustificar.

Para o non previsto expresamente neste acordo, será de aplicación o RD462/2002, de 20 de maio, sobre indemnizacións por razón do servicio e disposicións de desenvolvemento ou normas de carácter xeral que as substitúan.

7º Proceder á publicación do presente acordo no Boletín Oficial da Provincia , ós efectos do disposto no artigo 75.5 da Lei 7/1985, de 2 de abril.

8º Aprobación, se procede, da proposta da Alcaldía de representantes en distintos órganos colexiados.

Dende a Alcaldía faise uso da palabra para dicir que recollendo as propostas dos distintos Grupos formula a seguinte proposta:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

Asunto: proposta de representantes en distintos órganos colexiados

O día 11 de xuño do 2011 constituíuse a Corporación municipal do Concello de Fene xurdida das eleccións municipais celebradas o 22 de maio do 2011. Corresponde segundo o artigo 38 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro (BOE número 305 do 22 de decembro do 1986) nomear representantes da Corporación en órganos colexiados, que sexan da competencia do Pleno.

Logo do que antecede propónse ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

1º Designar ós seguintes representantes do Concello nos órganos que de seguido se expresan:

1 Mancomunidade de Concellos da Comarca de Ferrol: o alcalde-presidente Don Gumersindo Pedro Galego Feal

2 Asociación Costa Ártabra: Don Juan José Franco Casal

3 Fondo galego de cooperación e solidariedade: Dona Inés Roca Requeijo

4 Asemblea Xeral do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar o sr. alcalde-presidente Don Gumersindo Pedro Galego Feal e Dona Rita Couto Seijido

5 Representante nos Consellos escolares das Escolas infantís xestionadas polo Consorcio no Concello de Fene: ademáis do alcalde-presidente, que é presidente nato, a concelleira Dona María del Carmen Martínez Rodríguez

6 Representantes nos consellos escolares dos centros de ensino público:

C.I. Formación Profesional: María Carmen Silvar Canosa

I.E.S. Fene PP: Juana Barro Couto

C.I.P. Sillobre: Dona María del Carmen Martínez Rodríguez

C.I.P. Centieiras: Dona María Carmen Silvar Canosa

C.I.P. O Ramo: Juana Barro Couto

C.I.P. Os Casais: Juana Barro Couto

C.P.I. A Xunqueira: Juventino José Trigo Rey

7 Asociación costa noroeste: Don Juan José Fran Casal.

8 Representantes do Concello na Mesa Xeral de Negociación e na Comisión Negociadora:

Tres representantes polo Grupo Político do Partido Popular no Concello de Fene.

Dous representantes polos Grupos políticos Grupo Municipal Socialista do Concello de Fene e Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego.

Un representante polo Grupo Mixto.

A concreta designación dos representantes realizarase por mediante escrito do voceiro do Grupo dirixido ó alcalde-presidente do que se dará conta no Pleno da Corporación.

Exercerá de secretario o do Concello ou funcionario en quen delegue.

9 Designar como representantes do Concello no Comité de Seguridade e Saúde aos/as seguintes/as Concelleiros/as

Tres representantes polo Grupo Político do Partido Popular no Concello de Fene.

Dous representantes polos Grupos políticos Grupo Municipal Socialista do Concello de Fene e Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego.

Un representante polo Grupo Mixto.

A concreta designación dos representantes realizarase por mediante escrito do voceiro do Grupo dirixido ó alcalde-presidente do que se dará conta no Pleno da Corporación.

10 Mesa Local do Comercio o alcalde-presidente como membro nato e Don Iván Puentes Rivera.

11 Representante na Comisión de Participación Cidadá da Área Sanitaria de Ferrol: Don Antonio Luis Noceda Carballo.

Fene 17 de xuño do 2011

O alcalde-presidente

Gumersindo Pedro Galego Feal”

O concelleiro Iván Puentes Rivera, concedida a palabra polo alcalde, fai uso dela para dicir que aclarou coa Secretaría porqué non se incluiu na proposta a designación de membros do consello escolar municipal xa que é preciso un regulamento municipal, pero que lle gustaría que constase neste punto debido á importancia que ten para o Concello nestes momentos, polo que solicita que se impulse a súa elaboración e que se mentres funcione igualmente nos mesmos termos nos que xa existía.

Polo alcalde afirmase que se redactará un regulamento e que funcionará mentres o consello escolar municipal tal e como viu funcionando.

Polo concelleiro Manuel Polo Gundín faise uso da palabra para dicir que dado que dous dos centros escolares ós que se refire o acordo van ser obxecto de fusión é necesario modificar o acordo.

Rematado o debate, en votación ordinaria por unanimidade dos dezasete concelleiros da Corporación o Pleno o Pleno do Concello acorda:

1º Designar ós seguintes representantes do Concello nos órganos que de seguido se expresan:

1 Mancomunidade de Concellos da Comarca de Ferrol: o alcalde-presidente Don Gumersindo Pedro Galego Feal

2 Asociación Costa Ártabra: Don Juan José Franco Casal

3 Fondo galego de cooperación e solidariedade: Dona Inés Roca Requeijo

4 Asemblea Xeral do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar o sr. alcalde-presidente Don Gumersindo Pedro Galego Feal e Dona Rita Couto Seijido

5 Representante nos Consellos escolares das Escolas infantís xestionadas polo Consorcio no Concello de Fene: ademáis do alcalde-presidente, que é presidente nato, a concelleira Dona María del Carmen Martínez Rodríguez

6 Representantes nos consellos escolares dos centros de ensino público:

C.I. Formación Profesional: María Carmen Silvar Canosa

I.E.S. Fene PP: Juana Barro Couto

C.I.P. Sillobre: Dona María del Carmen Martínez Rodríguez

C.I.P. Centieiras: Dona María Carmen Silvar Canosa

C.I.P. O Ramo: Juana Barro Couto

C.I.P. Os Casais: Juana Barro Couto

C.P.I. A Xunqueira: Juventino José Trigo Rey

7 Asociación costa noroeste: Don Juan José Fran Casal.

8 Representantes do Concello na Mesa Xeral de Negociación e na Comisión Negociadora:

Tres representantes polo Grupo Político do Partido Popular no Concello de Fene.

Dous representantes polos Grupos políticos Grupo Municipal Socialista do Concello de Fene e Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego.

Un representante polo Grupo Mixto.

A concreta designación dos representantes realizarase por mediante escrito do voceiro do Grupo dirixido ó alcalde-presidente do que se dará conta no Pleno da Corporación.

Exercerá de secretario o do Concello ou funcionario en quen delegue.

9 Designar como representantes do Concello no Comité de Seguridade e Saúde aos/as seguintes/as Concelleiros/as

Tres representantes polo Grupo Político do Partido Popular no Concello de Fene.

Dous representantes polos Grupos políticos Grupo Municipal Socialista do Concello de Fene e Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego.

Un representante polo Grupo Mixto.

A concreta designación dos representantes realizarase por mediante escrito do voceiro do Grupo dirixido ó alcalde-presidente do que se dará conta no Pleno da Corporación.

10 Mesa Local do Comercio o alcalde-presidente como membro nato e Don Iván Puentes Rivera.

11 Representante na Comisión de Participación Cidadá da Área Sanitaria de Ferrol: Don Antonio Luis Noceda Carballo.

9º Aprobación, se procede, da proposta da Alcaldía de asignación de locais municipais aos distintos grupos políticos municipais.

Dende a Alcaldía dáse conta da súa proposta que copiada literalmente di:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

O día 11 de xuño do 2011 constituíuse a Corporación municipal do Concello de Fene xurdida das eleccións municipais celebradas o 22 de maio do 2011. Corresponde segundo o artigo 27 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro (BOE número 305 do 22 de decembro do 1986) na medida das posibilidades funcionais da organización administrativa da entidade local, establecer os locais que o Concello cede para despacho dos Grupos políticos municipais para reunirse de maneira independente e recibir visitas de cidadáns, correspondéndolle ó Presidente ou membro da Corporación responsable do área de réxime interior poñer a disposición dos Grupos a mínima infraestrutura de medios materiais e personais.

Logo do que antecede propónse ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

Habilitar catro (4) despachos nas dependencias municipais situados na terceira planta da Casa Consistorial destinados a cada un dos grupos políticos representados na Corporación. Distribuindo os locais como segue:

Local 1 (no anterior mandato ocupado polo Grupo municipal do B.N.G.) será para o Grupo Municipal Socialista do Concello de Fene.

Local 2 (no anterior mandato ocupado polo Grupo Político do Partido Popular do Concello de Fene) será para o Grupo municipal do B.N.G.

Local 3 (no anterior mandato ocupado polo Grupo Municipal Socialista do Concello de Fene) será para o Grupo Político do Partido Popular do Concello de Fene.

Local 4 (ocupado no anterior mandato polo Grupo Mixto) será para o Grupo Mixto.”

O voceiro do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego, Don Manuel Polo Gundín, concedida a palabra, sinala que o seu Grupo vai votar a favor pero que a lei o único que di é que debe ter un grupo político un local pero nada sobre a distribución, que o anterior alcalde catro anos antes afirmou que os locais dos Grupos eran pequenos e que habería que

arranxalos, que insta ao actual goberno a facer súas esas palabras do anterior alcalde e que non houbo redistribución noutros gobernos municipais.

Polo voceiro do Grupo Municipal Socialista, Don Iván Puentes Rivera, faise uso da palabra para dicir que efectivamente dixo que os locais dos Grupos políticos eran pequenos e que era preciso arranxalo e reafírmase no dito e engade que existirá espazo cando queden rematadas as obras da Casa de Cela. Prosegue dicindo que na Corporación surxida en 1999 na que o P.P. foi segunda forza ocupou o despacho que ocupou este Grupo no último mandato corporativo e afirma que houbo cambios de despachos cando cambiaron os gobernos municipais.

O voceiro do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego, Don Manuel Polo Gundín, sinala que é preciso conseguir unha distribución, a que sexa, pero estable e permanente e que o demais é unha declaración de intencións.

Polo voceiro do Grupo Municipal Socialista, Don Iván Puentes Rivera, di que o dito sobre a dispoñibilidade de locais unha vez rematada a obra da Casa de Cela non se trata dunha declaración de intencións senón de feitos a través dun Convenio asinado, que o spazo existente é pequeno pero que é o que habilitou o B.N.G. cando gobernou.

O alcalde fai uso da palabra para dicir que o financiamento da obra da Casa de Cela dependerá de que se poida realizar a obra.

Polo voceiro do Grupo Municipal Socialista, Don Iván Puentes Rivera, di que o Xulgado manifestou que non habería ningún problema para executar a obra.

O voceiro do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego, Don Manuel Polo Gundín, faise uso da palabra para dicir que o Grupo Municipal do B.N.G. Cando facilitou os locais gobernaba con nove concelleiros co que o espazo que precisaba a oposición era menor, pero que agora o goberno municipal ten menos compoñentes polo que as necesidades de espazo son maiores.

Rematado o debate, en votación ordinaria por unanimidade dos dezasete concelleiros da Corporación o Pleno do Concello acorda:

Habilitar catro (4) despachos nas dependencias municipais situados na terceira planta da Casa Consistorial destinados a cada un dos grupos políticos representados na Corporación. Distribuindo os locais como segue:

Local 1 (no anterior mandato ocupado polo Grupo municipal do B.N.G.) será para o Grupo Municipal Socialista do Concello de Fene.

Local 2 (no anterior mandato ocupado polo Grupo Político do Partido Popular do Concello de Fene) será para o Grupo municipal do B.N.G.

Local 3 (no anterior mandato ocupado polo Grupo Municipal Socialista do Concello de Fene) será para o Grupo Político do Partido Popular do Concello de Fene.

Local 4 (ocupado no anterior mandato polo Grupo Mixto) será para o Grupo Mixto.

Concluída a súa intervención o señor alcalde-presidente do Concello de Fene levanta a sesión sendo as trece horas e trinta e cinco minutos do día indicado no encabezamento, do que eu secretario dou fe e extendo a presente acta.

V. P.

O alcalde

O secretario

Gumersindo Pedro Galego Feal

Jesús Tallón García